

Na presentación da conversa, Mercedes Queixa defendeu a vixencia do “superventas” da literatura galega

Neira Vilas celebra con escolares carballeses os 50 anos de “Memorias dun neno labrego”

REDACCIÓN > CARBALLO

■ Para falar da súa vida e da historia de Balbino, o protagonista de “Memorias dun neno labrego”, Xosé Neira Vilas apóiase no “este” —el di: “ete...”— coa naturalidade de quen botou media vida —45 dos seus 83 anos— na emigración e no exilio. Neira Vilas salpicou onte no Pazo da Cultura de Carballo o seu galego varado co comodín verbal arxentino para explicarlle aos rapaces o máis grande éxito de vendas da literatura galega, a primeira edición do cal saíu dun prelo de Buenos Aires (Follas Novas) hai agora cincuenta anos e que, medio século despois, leva despachados 600.000 exemplares repartidos en 31 edicións en galego —nove delas, de 10.000 volumes—, ás que hai que engadir ás traducións ao inglés, francés, alemán, ruso, chinés, unha lingua maia, esperanto, catalán, vasco e asturiano —entre outra ducia de idiomas— e a versión en braille.


Nesas anda este ano Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928), nunha xeira de autor “best-seller” para celebrar por Galicia o 50 aniversario da súa obra capital. Onte —logo de ter visitado localidades como a A Estrada e Santiago— conversou de bo ánimo cos alumnos dos centros carballeses IES Monte Neme, IES Parga Pondal, CPR Artai e IES Bergantiños, e do CPI Xosé Pichel de Coristanco.

Presentación > Presentaron ao autor Nel Vidal, licenciado en filoloxía galega e técnico de normalización lingüística do Concello de Carballo, e Mercedes Queixas, escritora, secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega e mestra no CPI Xosé Pichel.

Neira Vilas apiouse no “este” como no bastón que o acompaña, e, pois fixo falla, no ombreiro de Nel Vidal para subir ao escenario do Pazo da Cultura. Pero, xa na mesa de oradores, o autor amosou folgos dabondo para un home da súa idade e unha memoria exacta da súa vida e da súa obra.

Queixas situou para os escolares a Neira Vilas e “Memorias dun neno labrego”, pero o importante gardouno para o final da súa intervención, cando confesou que, gracias ás “Memorias...”, descubriu que o galego que oía e falaba na casa era unha lingua que tamén se podía escribir.

Xénero vizoso > O demais é coñecido e tamén onte se falou de “Memorias dun neno labrego” como o título fundacional da literatura galega infantil e xuvenil, un xénero vizoso que deu a Galicia xa catro premios nacionais: Paco Martín, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz, todos herdeiros de Neira Vilas. O certo é que Neira Vilas non escribiu “Memorias como un rela-



Mercedes Queixas, Neira Vilas e Nel Vidal, na conversa onte con escolares carballeses no Pazo da Cultura MAREMA

to para os mozos”, pero foron os lectores máis novos quen o fixeron seu nestes cincuenta anos.

Onte falou tamén de Balbino como ese personaxe universal, un neno pobre fillo de caseiros, que se rebela contra a opresión e a inxustiza social, representada polos abusos de Manolito, o fillo do señor da aldea. Tanto Queixas como Neira Vilas foron no Pazo da Cultura máis asisados que, hai unhas semanas, o director xeral do

Libro, Francisco López, quen asegurou na Estrada: “En Balbino temos o Harry Potter da literatura galega”. Moitas veces, os presentadores preparan un tobogán mol de palabras e acaban facendo pinchacarneiros imposibles.

Orixe > Aínda que a ocorrencia pode dar pé á reflexión da vixencia de Balbino nuns tempos nos que, como explicou Manolo Rivas en tempos, nas cidades galegas hai hoxe

nenos que nunca tocaron a pel dunha vaca. Aínda aí onte no Pazo da Cultura había nenos uniformados de chándal, que van a escola en autobús, cando menos dúas ducias dos rapaces ergueron a man a petición de Neira Vilas, quen quixo coñecer cantos dos presentes naceran en Suíza, a conto da importancia da emigración en “Memorias...”.

Eses rapaces probablemente coñecen todos os arrecendo das “Memorias”, pero, sobre todo, comprenden a novela de Neira Vilas. Comprenden por que o Balbino se namora da súa mestra e, por iso, tamén dos libros; comprenden a súa carraxe por todo o que representa Manolito; e compréndena porque fala deles, pero, afortunadamente, nestes tempos, as cousas sexan para todos máis doadas que para o Balbino. Como todos os clásicos, “Memorias dun neno labrego” e a mirada inocente de Balbino nunca perden vixencia.

Montaxe teatral > Desde o pasado mes de xaneiro, o actor e director Cándido Pazó (Abrapalabra Teatro) contribúe ao aniversario de “Memorias dun neno labrego” cunha versión “personal” da obra de Xosé Neira Vilas, ‘Memoria das memorias dun Neno Labrego’, unha interpretación “híbrida”, segundo Pazó, entre o monólogo e o teatro unipersonal.

Logo das representacións en Santiago, A Estrada, Ourense, Oleiros, Lugo, Ribadeo, Noa, Cee e Vimianzo, “Memoria das memorias dun neno labrego” recorrerá até o 21 de maio O Milladoiro, Vigo, A Coruña, Ponteceso e Muros, así como os municipios pontevedreses de Gondomar, Redondela, Lalín, Tui e Sanxenxo.

Un camareiro de Ourense foi o primeiro lector en Buenos Aires da novela sobre Balbino

■ Neira Vilas confesou onte no Pazo da Cultura que o primeiro lector de “Memorias dun neno labrego” foi Evencio, un camarero ourensán que despachaba na cafetería alemá A Vella Viena, do barrio bonaerense de Villa Urquiza, onde o autor se sentaba a escribir logo de cumprir no seu traballo de oficina nunha empresa madeireira. Desde entón “Memorias...” gañou milleiros de lectores que a converteron no superventas da literatura galega. “Memorias dun neno labrego” é una novela realista sobre o mundo rural. “Eu só quería contar, transmitir o que pasaba na aldea, fronte á visión idílica, bucólica e humorística que había”, dixo nunha ocasión o autor.

Crítica social > “O importante de ‘Memorias...’ é a crítica social que entraña, realizada desde a mirada dun neno. A visión crítica da emigración. A crítica á hipocrísia da relixiosidade daquela

sociedade, e á situación do sistema educativo, no sentido da identidade e a lingua: viña un mestre de fóra que falaba castelán cos nenos...”, explicou hai pouco o escritor, para Ana Roig, profesora da Universidade de Santiago e autora de diversos estudos sobre a literatura infantil e xuvenil galega.

Linguaxe > A orixinalidade, para a súa época, de “Memorias...” tamén está na súa linguaxe. Neira Vilas aclara que o guiou a arela de comunicarse co lector, máis “sen concesións léxicas nin temáticas”. O estilo directo, a sinxeleza expresiva, concordan, así, con ese interese en conectar co lector, ao que amén contribúe o léxico, nun galego de gran riqueza, baseado na fala da comarca do Deza. “Memorias dun neno labrego” publicouse por primeira vez en Buenos Aires en 1961, en Follas Novas. A primeira edición galega é de 1963, de Edicións do Castro.

Medalla Castelao, académico da Lingua e fundador de Follas Novas

■ Xosé Neira Vilas naceu en Gres (Vila de Cruces, Pontevedra), o 3 de novembro de 1928. Fillo de campesiños, despois dos estudos primarios seguiu un curso de peritaxe mercantil por correspondencia. Con 16 anos comezou a traballar nas oficinas dun serradoiro local. Creou un grupo de teatro que representou obras en galego. En 1949 emigrou a Buenos Aires, onde desempeñou traballos diversos. Na capital arxentina realizou estudos de comercio, música, literatura e xornalismo, unha das súas grandes vocacións.

Identidade galega > En Buenos Aires tomou conciencia da identidade de Galicia en contacto cos intelectuais do exilio: Seoane, Suárez Picallo, Lorenzo varella, e outros. Foi Secretario Xeral da Mocidades Galeguistas e participou na comisión organizadora do primeiro Congreso da Emigración Galega.

Casa en 1957 coa cubana Anisia Miranda, o amor da súa vida, falecida en 2009. Xuntos fundaron a organización libreira e editorial Follas Novas para difundir o libro galego en América. En 1961 foron residir a Cuba. Alí colaborou nas revistas “Zunzún” e “Bijirita”, especializadas en lectores infantís, que contaron coa dirección de Miranda. Traballou na administración cubana e fixo xornalismo literario.

Investigación > En 1969 fundou a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, que dirixiu durante vinte e dous anos. Na Arxentina e en Cuba fixo investigacións sobre a presenza da emigración galega en América.

Volto a Galicia en 1994, en Gres preside a Fundación cultural Xosé Neira Vilas. É membro numerario da Real Academia Galega, Doutor Honoris Causa polas Universidades da Coruña e da Habana, premio da Crítica Española (narrativa) e premio da Crítica Galega (ensaio). Fóronlle outorgadas as medallas Castelao, Pedrón de Honra e Celanova Casa dos Poetas.

